

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Bases e convocatoria bolsa de emprego peóns GES.

ANUNCIO.

Bases e convocatoria para a contratación de persoal laboral temporal para postos de peóns do Grupo de Emerxencias Supramunicipal do Concello.

Por resolución desta Alcaldía de data 20 de marzo de 2024, aprobáronse as bases e a convocatoria do proceso selectivo para contratar persoal laboral temporal para postos de peóns do Grupo de Emerxencias Supramunicipal do Concello, cuxo contido se reproduce de seguido.

O prazo de presentación de instancias comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

BASES PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE PRAZAS DE PERSOAL PARA O GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL DO CONCELLO DE BRIÓN (PEÓN GES).

1ª) OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto das presentes bases a regulación do proceso selectivo, mediante o sistema de concurso - oposición, para a creación dunha bolsa de traballo para a provisión temporal de postos de PEÓN GES, para o Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Brión - GES (persoal laboral temporal), para a substitución transitoria dos seus titulares, durante o tempo estritamente necesario.

Os traballos a realizar serán os especificados no CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS, do 30.12.2022, ao que este Concello está adherido.

2ª) REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

1. Para seren admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos do artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos os 16 anos da idade, e non superar a idade máxima de xubilación.

c) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou graduado escolar ou equivalentes aos efectos laborais (o certificado de escolaridade considérase equivalente ao Graduado Escolar segundo Orde de 20 de xuño de 2012 pola que se establece a equivalencia do certificado de escolaridade e de outros estudos co título de graduado escolar regulado na Lei 14/1970, de 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa, a efectos laborais).

d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.

f) Estar en posesión do permiso de conducir tipo C.

2. Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, ao menos, ata a data de formalización do contrato como persoal laboral, no seu caso.

3ª) SOLICITUDES.

As instancias deberán axustarse ao **modelo oficial que figura como Anexo II das presentes bases** e estará a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello de Brión e na sede electrónica deste Concello e incluírá a manifestación de que se reúnen todos e cada un dos requisitos enumerados nas presentes bases e o compromiso, no suposto de superar o proceso, de prestar xuramento ou promesa de conformidade co Real decreto 707/1979, de 5 de abril.

A solicitude dirixirase ao Alcalde do Concello de Brión e presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **CINCO días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria deste proceso no Boletín Oficial da Provincia.

Á instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do DNI, NIE, ou pasaporte.

b) Fotocopia compulsada do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou graduado escolar ou equivalentes aos efectos laborais (o certificado de escolaridade considérase equivalente ao Graduado Escolar segundo Orde de 20 de xuño de 2012 pola que se establece a equivalencia do certificado de escolaridade e de outros estudos co título de graduado escolar regulado na Lei 14/1970, de 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa, a efectos laborais).

c) Fotocopia compulsada do permiso de conducir tipo C.

d) Documentos acreditativos (fotocopias compulsadas) dos méritos a valorar no presente proceso de selección.

e) Xustificante de ter efectuado o pagamento dos dereitos de exame, por importe de dez (10) euros, segundo o establecido na ordenanza fiscal núm. 6 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos. O ingreso realizarase na tesourería municipal ou mediante ingreso na conta xeral do Concello na entidade Abanca: ES14-2080-0327-4731-1000-0016. A ausencia do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e non poderá ser obxecto de subsanación.

Asemade tamén poderase presentar a solicitude nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Non obstante, de cara á axilización do procedemento de selección, requírese que os aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través do correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia desta solicitude a través do correo electrónico secretaria@concellodebrion.gal

A publicación do resto de actuacións do proceso selectivo farase a través do taboleiro de edictos do Concello e da páxina web do Concello.

4ª) LISTAS PROVISIONAIS E DEFINITIVAS.

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando as listas provisionais de admitidos e excluídos que serán publicadas no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web. Acto seguido, concederase un prazo de dez días para a presentación de reclamacións. A continuación, unha vez examinadas as reclamacións presentadas, a Alcaldía ditará resolución aprobando as listas definitivas de admitidos e excluídos, que serán publicadas do mesmo xeito que as provisionais. Nela determinarase a data de realización do primeiro exercicio e a composición do tribunal cualificador.

5ª) TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

Os membros do tribunal cualificador serán designados pola Alcaldía respectando o disposto no artigo 60 do Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público. Estará constituído polo Presidente/a, o Secretario/a, e tres vogais de entre funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, debendo designarse o mesmo número de suplentes. Todos os membros do tribunal deberán posuír nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso a este proceso selectivo.

O tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 2 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Igualmente, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior no prazo de dez días desde a publicación da súa composición.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus substitutos.

Todos os membros do tribunal cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto. As decisións do tribunal cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente/a.

O tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

Aos efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o tribunal cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Contra os actos e decisións do Tribunal cualificador incluídas as peticións para a revisión de exames, cualificacións e impugnación de probas, cabe interpoñer recurso de alzada ante o Sr. Alcalde sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

6ª) COMEZO DOS EXERCICIOS.

1. A data e hora na que deberá constituírse o tribunal será determinada pola Alcaldía mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e a data da celebración do primeiro exercicio, a cal publicárase mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello. O resto de comunicacións relacionadas co proceso selectivo publicárase exclusivamente no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello.

2. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non compareceran a realizalo agás os casos debidamente xustificadas que serán resoltos motivadamente polo Tribunal.

3. Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos mesmos.

7ª) DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DAS PROBAS SELECTIVAS.

1. En calquera momento o tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa identidade.

2. A orde de actuación dos opositores para a realización daqueles exercicios que non poidan facerse de xeito simultáneo, comezará polo que o primeiro apelido corresponda coa letra que determine a Resolución da Xunta de Galicia para o ano de celebración dos exercicios.

3. Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñer ao Sr. Alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas aos efectos procedentes.

4. Concluído cada un dos exercicios da oposición, o Tribunal fará pública no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, a relación de aspirantes que o superaran con indicación da puntuación obtida.

5. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de non aptos. A relación de aprobados en cada exercicio polo tribunal deberá publicarse na forma indicada, polo menos con 12 horas de antelación á nova reunión do tribunal cando se trate do mesmo exercicio e con 24 horas de antelación cando se trate dun novo exercicio.

6. Desde o total remate dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberán transcorrer polo menos 72 horas e un máximo de 45 días naturais.

8ª) COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS:

8.1) FASE DE OPOSICIÓN:

PRIMEIRO EXERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

Consistirá en contestar por escrito, nun período máximo de 30 minutos, un cuestionario de 20 preguntas con 3 respostas alternativas na que só unha é a correcta sobre calquera das materias do temario do anexo 1, determinado polo tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo.

Este exercicio terá carácter eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 10 puntos sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo. O tribunal establecerá tres preguntas de reserva que substituirán pola mesma orde ás preguntas que, no seu caso, fosen anuladas.

Sistema de avaliación: cada pregunta respondida de forma correcta puntuarase con 0,50 puntos. Cada pregunta errónea ou non contestada restará 0,10 puntos.

SEGUNDO EJERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

Consistirá na realización dunha proba práctica sobre as funcións a desenvolver (primeiros auxilios, excarceración de vehículos, incendios, etc.), tendo en conta o temario que figura como Anexo 1, e que será determinado polo tribunal antes da súa realización.

O suposto práctico puntuarase ata un máximo de 10 puntos sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo. Neste exercicio valorarase o coñecemento e a práctica correcta na resolución do suposto proposto polo tribunal, mediante a demostración polo aspirante da posesión de habilidades e destrezas na resolución do suposto plantexado.

Trala realización deste segundo exercicio e a súa avaliación, o Tribunal procederá á publicación das puntuacións e convocará a aqueles aprobados que declarasen non estar en posesión do título Celga 2, curso de iniciación ou estudos equivalentes, a efectos de coñecemento da lingua galega.

TERCEIRO EJERCICIO - PROBA DE GALEGO.

En cumprimento do artigo 51 da Lei galega 2/2015, os aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega mediante a presentación do título Celga 2, curso de iniciación ou estudos equivalentes, xunto coa instancia de solicitude, deberán someterse a un exame de galego. A proba consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán ao galego sen axuda de dicionario nun tempo máximo de 20 minutos. Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes, posuír o Celga 2, curso de iniciación ou estudos equivalentes.

O resultado será apto ou non apto e os resultados desta proba serán publicados polo tribunal cualificador.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

8.2) FASE DE CONCURSO:

O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 10 puntos sobre un total de 30 puntos da puntuación total do procedemento.

Rematada a fase de oposición o tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos aspirantes que aprobaron a fase de oposición, conforme ao seguinte baremo:

I . Méritos Profesionais.

a) Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como persoal dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais nos últimos catro anos puntuarase 0,10 puntos ata un máximo de 3 puntos.

b) Por cada mes completo prestando, nos últimos catro anos, servizos operativos de intervención directa en emerxencias, accidentes, incendio, e outras labores de salvamento, no ámbito da protección civil municipal ou Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de carácter público puntuarase 0,10 puntos, ata un máximo de 2,5 puntos.

c) Por ter prestados servizos en calquera das Administracións Públicas nos últimos catro anos en postos de traballo semellantes aos que se convocan 0,10 puntos por cada mes completo ata un máximo de 0,5 puntos.

A estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial ou en períodos de tempo menores aos sinalados.

2. Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración Pública:

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.
- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación mínima. Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

Aos efectos da súa valoración os títulos ou documentación acreditativa deberán indicar o comido dos cursos, seminarios, congresos, xornadas.

A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:

A experiencia profesional como persoal dos GES, protección civil ou en praza ou posto de igual contido no ámbito da Administración Pública xustificarase: Presentando certificación expedida pala Secretaría ou calquera outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal, onde constarán os seguintes datos:

- Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara.
- Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa Administración.

Para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o interesado haberá de achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas.

Para acreditar os méritos sinalados nos puntos 2 e 3 do baremo haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

Os puntos obtidos na fase de concurso sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva de aprobados. Estes puntos non poderán ser aplicados para superar os exercicios da fase de oposición.

A puntuación máxima a outorgar nos anteriores apartados, será a seguinte:

- Méritos profesionais: Máximo 6,00 puntos.
- Cursos e Seminarios, etc.: Máximo 2,00 puntos.

3. Titulacións oficiais en materia de emerxencias e protección civil.

Por estar en posesión do Título de Técnico en emerxencias e protección civil, ou do Técnico Superior en Coordinación de Emerxencias e Protección Civil: 2,00 puntos.

9ª) CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN.

O 1º e 2º exercicios obrigatorios e eliminatorios, serán cualificados de 0 a 10 puntos, sendo necesario para aprobar cada un dos exercicios e acceder ao seguinte obter unha puntuación mínima de cinco puntos.

A cualificación final virá determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polos aspirantes que foran superando todos e cada un dos sucesivos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

10ª) CUALIFICACIÓN FINAL, RELACIÓN DE APROBADOS E CONTRATACIÓN.

1. A cualificación final obterase sumando a puntuación obtida na fase de oposición e na fase de concurso. Determinada a cualificación final dos aspirantes o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web.

2. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e se isto non fora suficiente pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza dos interesados.

3. RELACIÓN DE APROBADOS.

Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web. Dita relación elevarase á Alcaldía, ordenada de maior a menor para que se adopte o acordo que proceda sobre a aprobación da bolsa de traballo.

4. CHAMAMENTOS.

O chamamento e contratación do persoal efectuarase seguindo a orde de puntuación establecida na bolsa de traballo, de xeito que cando se deba proceder á provisión do posto por algún dos motivos sinalados na base primeira, ofertaráselle o posto de traballo ao primeiro aspirante da lista.

Así, no caso de producirse a necesidade de prover un ou varios postos de traballo, coas características sinaladas, requirirase á ou ás persoas incluídas na listaxe coas maiores puntuacións, para os efectos de que, nun prazo fixado polo órgano competente en función da urxencia na provisión do posto, se incorpore ao mesmo.

Dito requirimento será realizado de forma telefónica (mensaxe electrónica), efectuando un máximo de dous intentos no mesmo día a distinta hora, deixando dilixencia desta actuación un/ha empregado/a do Concello. De non ser localizado o primeiro integrante da lista, procederase a chamar aos seguintes aspirantes. Feito o chamamento mediante requirimento, a renuncia ao posto de traballo farase de forma expresa. Para elo, o aspirante comunicará a súa renuncia ao posto nun intervalo máximo de 48 horas desde que se produce o chamamento, indicando, de ser o caso, a causa que a motiva. Se

o aspirante non realiza dita comunicación no tempo indicado, deixarase dilixencia desta incidencia polo empregado/a do Concello e procederase a chamar aos seguintes aspirantes.

5. CONTRATACIÓN.

Feito o chamamento mediante o correspondente requirimento e antes de proceder á formalización do contrato laboral, no prazo de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da data do requirimento, a persoa aspirante deberá presentar os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, isto é:

- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso en algunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Certificado médico de non padecer enfermidade que inhabilite para o exercicio da función.
- Fotocopia compulsada do carné de conducir esixido na convocatoria.

Dentro do prazo indicado, e agás os casos de forza maior, os aspirantes propostos que non presenten a súa documentación ou non reuniran os requisitos esixidos, non poderán ser contratados e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrese por falsidade na instancia na que solicita tomar parte no concurso - oposición.

11ª) CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES.

As bases desta convocatoria vinculan á Administración Municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

12ª) INCIDENCIAS.

O tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación, a cuxo efecto poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

13ª) FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

Todas as persoas que superen o proceso de selección serán incluídas nunha bolsa de emprego para futuras contratacións que resulten necesarias, a fin de cubrir vacante temporal para suplencia do titular por incapacidade laboral temporal, vacacións, licenzas, etc..., ordenadas segundo a puntuación obtida. A persoa que obteña un contrato de traballo causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice o seu contrato de traballo co concello volverá causar alta na bolsa de emprego no posto da mesma que lle corresponda en relación cos puntos obtidos. A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que concorran unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situación asimilada.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Prestar servizos noutra Administración Pública.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

A bolsa de traballo formada na presente convocatoria quedará sen efecto en caso de convocatoria para a súa provisión definitiva, en tal caso as persoas aspirantes que superando algún exercicio non obteña praza formarán unha nova bolsa de emprego que substituirá a esta. De non convocarse proceso selectivo, esta bolsa terá unha vixencia máxima de tres anos, debendo procederse á creación dunha nova transcorrido este período.

14ª) RECURSOS.

As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados desde a data do día seguinte da última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo de un mes a contar desde a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO I – TEMARIO DA FASE DE OPOSICIÓN:

1. Protección civil. Funcións básicas e organización da protección civil en Galicia. Capítulos IV a VI do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia.
2. Planificación en protección civil: Plans de emerxencia municipal.
3. Incendios urbanos: teoría do lume, tipos de lumes, equipos e medios contra incendios.
4. Incendios forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción.
5. Accidentes de tráfico e excarceración.
6. Mercadorías perigosas: clasificación, principais riscos, identificación, transporte e intervención en accidentes con mercadorías perigosas.
7. Fundamentos de primeiros auxilios: conceptos e clases, soporte vital básico e atención inicial nas emerxencias.
8. Plans de autoprotección: contido mínimo dos plans de autoprotección (Decreto 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia).

Unha vez superado o proceso de selección, e con carácter previo ao seu ingreso no grupo, os admitidos realizarán un curso de carácter teórico - práctico que se impartirá pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). A participación neste curso poderá excepcionalmente no caso de que o candidato conte co ciclo de formación de grado medio de técnico en emerxencias e protección civil ou o certificado de profesionalidade de extinción de incendios e salvamento.

O curso selectivo responde ao seguinte modelo:

DATOS XERA/S DO CURSO.

1. Familia Profesional: Seguridade e Medio Ambiente. Área Profesional: Protección Civil.
2. Denominación do curso: INTERVENCIÓN EN EMERXENCIA.
3. Código:
4. Tipo de curso: ESPECÍFICO.
5. Obxectivo xeral: Formación do persoal dos grupos de emerxencia supramunicipal para o exercicio da súa actividade laboral de intervención en incendios forestais e urbanos, accidentes de tráfico, situacións derivadas de riscos naturais e calquera outra tarefa en materia de protección civil e emerxencias.
6. Requisitos do profesorado:
 - 6.1. Nivel académico: titulación universitaria, (Preferentemente...) na súa falta, capacitación profesional equivalente na ocupación relacionado co curso.
 - 6.2. Experiencia profesional: Deberá ter 2 anos de experiencia na ocupación.
 - 6.3. Nivel pedagóxico: Formación metodolóxica, ou ben experiencia docente.
7. Requisitos de acceso do alumno:
 - 7.1. Nivel académico ou de coñecementos xerais:
 - Estar en posesión de polo menos o título de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou titulación equivalente.
 - Estar en posesión do carné de conducir da clase C.
 - 7.2. Nivel profesional ou técnico:
 - Non se require.
 - 7.3. Condicións físicas:

Condicións físicas: carencia de afeccións, integridade física, resistencia física, torza, destreza manual, coordinación visión motora, rapidez de reflexos. Aquelas que non impidan o normal desenvolvemento da profesión.
8. Número de alumnos: 12 alumnos por edición, sen prexuízo de que por razóns operativas poida superarse este número ao realizar conxuntamente a formación de varios GES.

9. Relación secuencial de módulos formativos:

- INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAIS (28 horas)
- INCENDIOS FORESTAIS (14 horas)
- ACCIDENTES DE TRÁFICO (21 horas)
- PRIMEIROS AUXILIOS (7 horas)

10. Duración:

Prácticas..... 50 horas

Contidos teóricos..... 20 horas

Total..... 70 horas

Dúas semanas en sesións de 7 horas/diarias de luns a venres.

11. Equipo, material.

- Equipo e maquinaria:
- Dotación completa de medios de protección contra incendios de tipo manual (extintores, mangueras, batelumes, antorchas de goteo)
- Paneis sinópticos explicativos do funcionamento do sistema de detección de incendios, alarma e extinción automática.
- Radio transmisores.
- Equipo de primeiros auxilios.
- Equipo portátil de bombeo.
- Grupos electróxeos.
- Autobombas urbana e forestal.
- Equipo de corte en fría (cizallas, radiais, etc.)

11.2. Material de consumo:

- Folios.
- Cadernos.
- Bolígrafos.
- Lapis.

11.3 Material didáctico.

- Manual básico do curso.
- Caderniño de ponencias.

11.4 Elementos de protección. No desenvolvemento das prácticas utilizaranse os medios necesarios de seguridade e saúde laboral e observaranse as normas legais ao respecto.

DATOS ESPECÍFICOS DO CURSO

Denominación do módulo nº 1: INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAIS.

Obxectivo do módulo:

- IDENTIFICAR os tipos de combustión.
- COÑECER os equipos de protección individual.
- IDENTIFICAR tipos axentes extintores.
- IDENTIFICAR tipos de instalacións de auga.
- IDENTIFICAR tipos de bombas.
- COÑECER a conducción de vehículos de emerxencias e o seu posicionamento.
- COÑECER os distintos tipos de bombas, o seu funcionamento, o seu uso e necesidades de mantementos.
- COÑECER os procedementos de actuación en incendios urbanos e industriais.

Duración do módulo: 28 horas.

Contidos formativos do módulo:

A) Prácticas

- Prácticas de tendidos de mangueras.
- Prácticas de mantemento de bombas e impulsión.
- Prácticas de conducción e de posicionamento de vehículos.
- Prácticas de desprazamento en lugares de visibilidade reducida.
- Prácticas de extinción de vehículos. Prácticas de actuación en materias perigosas.
- Prácticas de extinción de incendios de gases.

B) Contidos teóricos

- Tipos de combustión.
- Equipos de protección individual. O traxe de intervención. El ERA: partes, uso e mantemento.
- Axentes extintores: espumas, extintores portátiles, auga.
- Instalacións de auga: mangueras, hidrantes, columnas secas y BIE.
- Traxes de aproximación e de penetración ao lume. Traxes NBQ.
- Bombas, bombas de achique y turbobombas. Uso e mantemento.
- Intervención con risco eléctrico.
- A química do lume.
- Axentes extintores.
- Localización do foco.
- Orientación, busca e rescate.
- Equipos de respiración asistida.
- Entradas forzosas.
- Risco químico. Identificación de mercancías perigosas.

Denominación do módulo nº 2: INCENDIOS FORESTAIS.

Obxectivo do módulo:

- IDENTIFICAR os factores que afectan ao comportamento dun lume forestal.
- COÑECER os métodos e medios de prevención e extinción de incendios forestais.
- COÑECER os procedementos de actuación en incendios forestais.
- COÑECER as normas de seguridade na prevención e extinción de incendios forestais.

Duración do módulo: 14 horas.

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- Prácticas de identificación das partes dun lume forestal.
- Prácticas de extinción mediante ataque directo con ferramentas manuais.
- Prácticas de extinción mediante ataque directo con liña de auga.
- Prácticas de extinción mediante ataque indirecto: a queima do ensanche e o contralume.

B) Contidos teóricos

- A prevención de incendios forestais: actuación sobre os combustibles forestais.
- A detección de incendios forestais: o proceso de comunicación.
- Medios para a extinción de incendios forestais.
- Métodos de extinción de incendios forestais.
- Organización do combate: etapas, primeiro ataque e ataque ampliado.
- Situacións de perigo e normas de seguridade.

Denominación do módulo nº 3: ACCIDENTES DE TRÁFICO.

Obxectivo do módulo:

- COÑECER os procedementos de intervención en accidentes de tráfico.

Duración do módulo: 21 horas.

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- Prácticas vehículos
- Desencarceración, excarceracións e simulacións.

B) Contidos teóricos

- Introducción aos accidentes de tráfico.
- Coordinación en accidentes de tráfico.
- Seguridade pasiva.
- Estabilización de vehículos.
- Seguridade persoal en accidentes de tráfico.
- Sistemática de intervención en accidentes de tráfico prácticas con vehículos.

Denominación do módulo nº 4: PRIMEIROS AUXILIOS

Obxectivos do módulo:

- COÑECER procedementos a seguir en primeiros auxilios.
- IDENTIFICAR tipos de queimaduras.
- IDENTIFICAR tipos de traumatismos.
- IDENTIFICAR outros tipos de lesións e feridas.

Duración do módulo: 7 horas.

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- Reanimación: tipos.
- Rescates con feridas.
- Rescates de interior de vehículos.
- Desencarceración, excarceracións e simulacións.

B) Contidos teóricos

- Queimaduras.
- Alteracións eléctricas.
- Afogamentos.
- Traumatismos craneoencefálicos, médulas, torácico - abdominais.
- Reanimación cardiopulmonar.
- Feridas e hemorraxias.
- Luxacións e contusions.
- Torceduras.
- Pautas de actuación en accidentes de tráfico.
- Equipos de corte y separación.
- Equipos hidráulicos.
- Excarceracións

ANEXO II: Modelo de solicitude.

Don/Dona....., con DNI núm.....,
 e enderezo en
 teléfono móbil, correo electrónico

EXPOÑO:

Que en relación coa convocatoria para cubrir prazas de peón do Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Brión polo sistema de concurso - oposición:

1º) Declaro que reúno todas e cada unha das condicións esixidas na Base Segunda da convocatoria.

2º) Xunto con esta instancia achego:

- a) Fotocopia compulsada do DNI.
- b) Fotocopia compulsada do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou graduado escolar ou equivalentes aos efectos laborais (o certificado de escolaridade considérase equivalente ao Graduado Escolar segundo Orde de 20 de xuño de 2012 pola que se establece a equivalencia do certificado de escolaridade e de outros estudos co título de graduado escolar regulado na Lei 14/1970, de 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa, a efectos laborais).
- c) Fotocopia compulsada do permiso de conducir tipo C.
- d) Copia do pagamento dos dereitos de exame polo importe de 10 euros.

3º) Xunto con esta instancia achego a seguinte documentación, en copia compulsada, que desexo que sexa tida en conta na fase de concurso, conforme ao establecido nas Bases:

4º) Achego igualmente acreditación de posuír o Celga 2, curso de iniciación ou estudos equivalentes: (sinálese o que proceda)

Si.

Non.

Brión, — de — de 2024.

Sinatura.

Asinado: _____.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BRIÓN.

Brión, 20 de marzo de 2024

O alcalde

Pablo Lago Sanmartín